

Cousas de nenos



CEIP Baíñas
Curso 2015-2016

INDICE

1. <i>Editorial</i>	páx. 1
2. <i>O Magosto</i>	páx.2
3. <i>O Samaín en Baiñas</i>	páx.4
4. <i>Deporte escolar: Xogade</i>	páx.7
5. <i>Nadal</i>	páx.10
6. <i>Día da Paz</i>	páx.14
7. <i>The Magazine</i>	páx.17
8. <i>O Entroido</i>	páx.24
9. <i>Abril, mes do libro</i>	páx.26
10. <i>IV centenario Miguel de Cervantes</i>	páx.27
11. <i>O mes do libro en Ed. Infantil</i>	páx.28
12. <i>Letras Galegas 2016: Manuel María</i>	páx.29
13. <i>Outras actividades de Ed. Infantil</i>	páx.34
14. <i>Saídas culturais</i>	páx.40
15. <i>Outras conmemoracións</i>	páx.44

EDITORIAL

Ola amigos/as:

Xa estamos, un ano máis, rematando o curso. Un curso que empezábase con moita ilusión e enerxía e que pasou demasiado rápido.

Ao chegar a estas datas sae a luz a nosa revista, na que queremos deixar constancia das algunhas actividades que fixemos ao longo do curso: festivais, saídas culturais, deporte escolar, conmemoracións... Queremos agradecer a participación de toda a Comunidade Educativa na elaboración da mesma.

Despedimos con moito agarimo aos/as compañeiros/as que este ano se van e que compatiron con nós o seu esforzo, dedicación e bo facer a este centro.

Desexámoslles boa sorte na súa nova andaina a: M^a Helena Nieto, Iria País, María Serramito, Javier Ramos, Lucía Palomanes, Eva Rubiños, Olaía Lestón e Leah Marie Young e que no CEIP Baíñas sempre os botaremos en falta.

Tamén despedimos con moito agarimo aos alumnos/as de sexto desexándolles moita sorte na nova etapa que emprenden e decírlles que este sempre será o seu colexio.

As portas sempre estarán abertas para os/as nosos/as alumnos/as e profesores/as.

Unha aperta para todos/as e pasade un bo verán 2016!

O MAGOSTO

O pasado 9 de novembro, celebramos un magosto tradicional.

Esa mesma mañá fixemos unha demostración de xogos populares no centro, tal como a **corda**, o **pano**, **carreira de sacos**...

Despois de xogar chegou a hora de comer as castañas. Un ano máis o encargado de asalas foi Xosé Manuel, como sempre, saíronlle boísimas.

Aquí quedan unhas fotos para recordar este día. Cada unha leva un dito para que aprendas algo máis desta festa:



A castaña ten unha maña,
Que se vai con quen a apaña.

Nos soutos enteiros
vellos castiñeiros
de froitos cargados
e soños dourados



A castaña no ourizo
Eu ven che sei o que fai
Se é que está verde, madura
E se está madura, cae.



Polo San Martiño
faise o magosto
con castañas asadas
e viño ou mosto.

Xa sopra o vento
¡chegou o momento!
Cun amplo sorriso
Regaña o ourizo
Ven Santos chuvioso
Con moitos magostos
¡As ricas castañas
quentiñas asadas!



O SAMAÍN EN BAIÑAS

O Samaín é unha celebración de orixe celta que o cristianismo reconverteu no "Día de todos os Santos".

Esta festa levaba décadas esquecida, pero nos últimos anos estase volvendo a recuperar grazas ao traballo realizado nas escolas e en varios concellos de Galicia. A noite do 31 de outubro comeza o "Ano Novo Celta", remata o verán e entra o inverno.

Nesta noite, as almas dos mortos atravesan a porta que separa o mundo dos vivos e dos mortos e visitan os fogares das súas familias para quentarse e tomar algo de alimento.



Este ano no CEIP de Baíñas contamos ademais coa gran colaboración dos pais/nais dos alumnos/as do centro, na elaboración das cabzas e demais elementos decorativos.



Os máis pequeniños tamén achegaron o seu gran de area...



MENUDOS ARTISTAS!!

De seguido, imos amosar varias imaxes nas que se reflicte o ben que o pasaron os alumnos do centro coa celebración desta festividade, contaron con un túnel do terror e estiveron acompañados por varias personaxes características do samaín.



**“En Samáin comín,
castañas do Magosto,
que non se comen en
agosto”**



**“Polo Samáin,
as meigas veñen a mín,
e asústanme sen fín”**

**“Outono bonito,
folliñas no chan,
castañas asadas
que ricas están”**



DEPORTE ESCOLAR



Neste curso o alumnado do CEIP Baíñas participou no programa Xogade, que ten como obxectivos principais, beneficiarse do gran potencial educativo e formativo que achega a práctica deportiva e tamén incrementar a participación nas diferentes modalidades deportivas. Durante este período o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º asistiu a diferentes eventos.

CAMPO A TRAVÉS

Nesta disciplina os nenos e nenas debían percorrer, segundo a categoría, diferentes distancias, desde 800 a 1500 metros. A maior parte da carreira dispútase en superficie natural e a parte final tiña lugar na pista de atletismo.



Revista Escolar do CEIP Baíñas
"Cousas de nenos"



XORNADA DE BÁDMINTON (A SERRA DE OUTES)

O pasado 20 de abril, incluído tamén dentro do programa Xogade, os nenos e nenas participaron tamén nunha xornada de bádminton na que diferentes centros competían entre si. Esta iniciativa permite que o alumnado poida ter un primeiro contacto coa competición e perda o medo a participar neste tipo de eventos deportivos.



NORABOA A TOD@S POLO VOSO ESFORZO!!!

NADAL

O día 18 de decembro de 2015 celebramos o Festival de Nadal no salón de actos do CEIP de Baiñas. Dende aquí agradecemos a todos os asistentes a súa participación nesta festa que con tanto esforzo e ilusión prepararon os alumnos/as do cole para as súas familias e amigos.

O programa de actuacións foi o seguinte:

4º e 5º de E. Infantil: deleitáronnos coa panxoliña: "Buscando unha estrela".



6º de E. Infantil: cantaron a panxoliña: "Buscando Papá Noel".



1º e 2º de primaria, interpretaron a canción: "Que neve que neve".



3º de primaria, representación da obra teatral: "Os Trasnos xogueteiros" e interpretación da canción "La luz que nace en ti".



4º de primaria, representación da obra teatral "Nenos moi listos" e panxoliña "Os tres Reis Magos".



5º de primaria, representación da obra de teatro: "Deixade escoitar o parte" e canción "Popurrí Mariñeiro".



Os alumnos de 6º de primaria amenizaron a velada con varias actuacións, entre elas as seguintes: a canción "Hay un amigo en mi", baile "Navidad Rock" e por último sorprendéronos con una moderna coreografía da actual canción de Nicky Jam, "Yo sin tí y tú sin mi".



Ademáis contamos coa visita de alguén moi especial: **PAPÁ NOEL!**



DÍA DA PAZ

O día 30 de Xaneiro conmemórase a morte do líder nacional e espiritual da Índia, o Mahatma Gandhi.

Celebramos nesta xornada o **día escolar da Non violencia e da Paz**. É definida como unha xornada educativa de pacificación, co fin de levar aos educandos polo medio da reflexión espiritual ao descubrimento da mensaxe fundamental de que "o amor é mellor que o odio, a Non-violencia mellor que a violencia e a paz mellor que a guerra" (Vidal 1972).



Para conmemorar este día, todo o alumnado se xuntou cantando: "**Si me pusiera en tu piel**" (El Pescao).

"No importa desde donde vengas
si andamos juntos por el camino
la vida es como una noria que va girando
se para y te deja donde quiera el sentido"





"Los sueños son los que van guiando
y llenan tu corazón divino
el tiempo te dice que andas buscando
a veces te trae amor, y otras veces frío"

"Si me pusiera en tu piel
para escaparme contigo
para volver a creer
para encontrar el camino
cómo volaba tu alma
cómo encontró su destino
si me pusiera en tu piel...
me olvidaría contigo"



"No hay normas que no puedan romperse
ni amigos que no te den cariño
la vida está diseñada para moverse
y tú si te mueves yo bailaré contigo
y que no te diga eso nadie
que no te digan que no puedes levantarte
que no te digan que no, que no...
Puedes ser de los que duermen
puedes ser de los que despierten
para hacer este mundo mejor"

"Que no te digas que no puedes andar
que no te digan que no puedes levantarte
sigue adelante, no puedes quedarte atrás
que no te digan que no, que no..."



"Que no te digan que estás aislado
que no hay tu tía
que solo existe un lado y mala compañía,
si estas enamorado de esta linda vida
por eso que no, te digan que eres diferente
o te queda nada que vivir en este mundo
tu mágica miraday vuela alto, vuela..."

"Que no te digan que no puedes ser nadie
que no te digan que no puedes levantarte
sigue adelante, no puedes quedarte atrás
que no te digan que no, que no...
que no te digan que estás aislado
que solo existe un lado y mala compañía,
y vuela alto, vuela y no lo pienses más..."



The Magazine

Hello! Thank you so much CEIP Baíñas for welcoming me into your school! I have been very happy working here and I will miss the children a lot! We have had a lot of fun this year dancing and singing. I have worked a lot with the 4th and 6th level and they have improved their English so much since I started in October! They will be fluent in no time! We have many memories from the year but I have included a few pictures.

Leah's first day at CEIP Baíñas.



English class with the 4th level.



Brais draws a picture and writes a description about Leah.



Revista Escolar do CEIP Baíñas
"Cousas de nenos"

English Lessons: This year the 4th level has been learning sports, clothing, leisure activities, and many many songs. The 6th level has been working on grammar and reading long stories in English. They are improving very quickly!

The 4th level writing about their pets and hobbies.



The 5th and 6th level playing a fun game in English.



English, Reading, and Art

The 1st and 2nd level coloring with Leah.



Painting pictures of red balloons and reading picture books
with the three and four year olds.

PEN PALS IN THE UNITED STATES

The 3rd, 4th, 5th, and 6th level students have been exchanging letters with a secondary school in Woburn, Massachusetts. They have been writing about hobbies, likes, dislikes, family, food, sports, and pets. The children in The United States have been very happy to practice their Spanish and we are able to practice our English!

Here are some of our letters from Rodri and Iker.


hello again for I'm Rodri.
My hobbies are playing football and
basketball.
What are your hobbies?
I also like listening to music and answering
your questions. Are you a good student?
Do you study hard?
In Spain the weather is rainy in
spring.
How is the weather in Massachusetts?
My favourite athlete is Cristiano
Ronaldo he is a football player for
Real Madrid. My favourite colours are
green blue and red.
La lengua una penna que se llama
kira na cocha es adizgada ella es
una boxa es muy buena y la
quien muda
Do you have any pets?

BYE

"THIS IS MY DOG KIRA"



Hello Cameron,
I'm very good. And you? I'm 9 years old. I'm
medium height. I have blonde hair. I like football,
and I live in a village called Baíñas. My favourite
food is pizza. I have two pets. My pets names are
Tom and Jerry. I like animals. I love whales.
I like playing with legos. (board games)
What do you like? Do you have any brothers or
sisters? I have one brother. His name is Xavi.
My school's name is CEIP BAIÑAS



Your friend
Iker

My School

Revista Escolar do CEIP Baíñas
"Cousas de nenos"

Pen pal letters from the 6th level

Nicolas Johnson

Woburn, Massachusetts

Hi, Nicolas!

04/04/16

My name is DANIEL CARBALLEIRA. I am eleven years old. I am tall and thin, I've got green eyes, and short straight brown hair.

I live in BAÍÑAS, VIMIANZO, it is a small village in the north-west of GALICIA in SPAIN. I live in a large stone house.

My hobbies are riding a bike, playing football with my friends, also I like playing videogames and watching TV. I love music, I play the piano and flute too.



Vimianzo's Castle

My favourites foods are chicken, chips and salad. I don't like sweets, but I prefer chocolate.



Max

My pets are: two turtles (Sisi 'n Susi), one dog (a golden retriever called MAX) and four cats.

I live with my parents and grandparents. I haven't got any brothers or sisters.

Greetings! And I would like to meet you some day!

DANI



Dolmen in Baíñas

Hi Vazshint!! 😊
My name is Borja. I'm 12 years old. I live in Baíñas, Galicia. I love playing football. My favourite soccer players are Neymar Jr, Messi and Luis Suarez.
My favourite colour is yellow. My favourite food is spaghetti. Do you like spaghetti?
Yesterday I got up at quarter to eight. I had breakfast at eight o'clock. I had cocoa with biscuits for breakfast. Then I went to school by bus.
My lessons started at nine o'clock and finished at two o'clock.
I went home at five past two. I had salad, chicken and potatoes for lunch. I watched TV in the afternoon. I had dinner and I went to bed.
Bye, Bye.
¿Cómo es tu día?
Borja



Revista Escolar do CEIP Baíñas
"Cousas de nenos"

Hola Lucia,

Sí, yo tengo un hermano. Se llama Austin. Él tiene 3 años. Mi color favorito es azul. No, no tengo mascota. Sí, me gusta la pizza. Mi asignatura favorita es ciencia. En la primavera, está nublado. Mi cumpleaños es el tres de mayo. Tengo 13 años. Mis amigos en mi clase son Ashley, Gabriella, Hillary, Sameera, Teresa, y Varshini. Here, we have the New England Aquarium, Canobie Lake Park, and we have many historic sites.

¡Adios!

Heidi ☺



Nantucket es un isla hermosa fuera de Cape Code en massachusetts con playas, tiendas, y musems. Muy buen lugar para visitar si viene massachusetts visita.



Yo tengo un perro. Se llama Bella. Ella es linda.

Hola Uxia, es Taisha

He estado haciendo buena. Qué hay de tí.

Sí, Yo estoy un a ficionado de Real Madrid y Estados Unidos equipo de fútbol femenina. También creo que el voleibol es muy divertido. Yo voy a la Florida las vacaciones de verano. Si yo jugar pozo suficiente un día yo quiero jugar para un club. Yo Soy atletico. Yo tengo dos colores preferidos rosa y por pura. My birthday is September 4th. The Spring weather in Massachusetts is chilly. Mis amigos en mi clase son Lydia y Deziree. Mis programas favoritos son Grey's Anatomy y The Vampire Diaries. Amo escuchar musica.

Sí tengo un email


Taisha.Georges@gmail.com

Bye Uxia
Taisha

Get well soon Manola! We miss you!



Dear Manola,
We are so sorry that you are feeling sick! We have missed you so much these past couple of months. We hope that you will start feeling better soon so that you will be able to return to CEIP Baiñas. You are so nice and the students and teachers are ready for you to come back! Please feel better soon! We love you Manola!



O ENTROIDO

Este curso, o tema escollido para celebrar o **Entroido** no noso colexio non é outro que o espectacular e increíble mundo da **CIENCIA E DOS CIENTÍFICOS E CIENTÍFICAS**. Como mostra do ben que nos ambientamos recollemos aquí algunhas fotos dos nosos disfraces.



OS/AS ASTRONAUTAS DE BAÍÑAS



**TAMÉN NOS VISITARON UN
DE GRUPO ROBOTS**

**NO MUNDO DA CIENCIA A
CALCULADORA NON PODE
FALTAR.**



COMO NON PODÍA SER MENOS, BAÍÑAS É TERRA DE GRANDES CIENTÍFICOS E CIENTÍFICAS.



XA QUE O DÍA ACOMPAÑOU POLO POBO FOMOS PASEAR



**CON QUE GARBO
PASEAN OS
PLANETAS DE
QUINTO**

**E PARA REMATAR A XORNADA NADA MELLOR QUE UNHA BOA
"PANZADA"**



Abril, mes do libro 2016

Debido á celebración do día do libro o 23 de abril, realizamos as seguintes actividades ao longo deste mes:

Contacontos : Manuel de Paderna



O día 15 de abril tivemos unha sesión de contacontos para todos os nenos e nenas do colexio de Baíñas, realizada por un tal Manuel de Paderna, que disque era amigo do poeta Manuel María. E debía de ser verdade, porque coma o poeta ás veces falaba en verso, e ademáis contaba contos sobre a natureza e o campo.

Ata nos amosou unha imaxe del.



A verdade é que pasamos un anaco agradable escoitando as súas historias, e ademáis, tamén poidemos participar.

IV Centenario Miguel de Cervantes

Neste ano 2016, celébrase o IV Centenario da morte de Miguel de Cervantes, o máis grande escritor en lingua castelá. Por iso quixemos homenaxealo cun maratón de lectura da súa obra máis internacional : **"Don Quijote de la Mancha"**

Comezamos falando brevemente da súa vida e obra.



A lectura, prolongouse durante o tempo da hora de lectura de toda a semana anterior ao día do libro.

Cántas loucuras se lle ocurrían ó bo de Don Quixote! E que me decides do seu fiel escudeiro Sancho Panza? Vaia parella facían! Non vos parece?



O mes do libro en Ed. infantil

Os contos forman parte do alumnado de infantil practicamente dende o primeiro día que entran nesta escola. Por iso, ademais de ser uns lectores en potencia, este ano, co gallo do día do libro, animáronse a escribir uns contos entre todos, qué vos parece? Non me digades! Estes nenos prometen!



NENOS E NENAS, PARABÉNS POLAS VOSAS CREAÇÕES LITERARIAS!

LETRAS GALEGAS 2016: MANUEL MARÍA

VIDA e OBRA:

Manuel María Fernández Teixeira naceu en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929. Como fillo de labregos, pasa a súa nenez e adolescencia no medio rural.

Comeza a escola no seu pobo natal e logo trasládase a Lugo para facer o bacharelato. Sempre que pode volve a Outeiro de Rei. Aprende a facer versos nas tardes de verán á sombra dunha oliveira, con Manuel de Paderna.



Con 19 anos imparte a súa primeira conferencia no Círculo das Artes de Lugo.

Invitado por Luís Pimentel, intégrase no faladoiro do café Mendez Núñez, e coñece a outros escritores galegos da época como Ánxel Xohán, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño ou Carballo Calero; que o poñen en contacto coa realidade cultural galega.

Publica os primeiros versos na revista Xistral, fundada por Luís Pimentel.

En 1950 escribe o seu primeiro libro de poemas *Muiñeiro de Brétemas*, que marca a aparición dunha nova corrente poética na lírica galega: a Escola da Tebra.

Comeza a estudar en Santiago e alí tamén coincide con outros intelectuais e escritores galeguistas coma Uxío Novoneira, Otero Pedrayo ou Carlos Maside nos faladoiros do café Español. Forma a a editorial Xistral xunto a Ánxel Xohán.

En 1963 escribe a primeira redacción de *Terra Chá* e outros libros.

Coñece a Saleta Goi en 1956, a súa compañeira e musa, coa que casa tres anos despois. Instálanse en Monforte de Lemos, onde exerce como procurador ata a súa xubilación. Manteñen unha gran relación con intelectuais galegos como Vicente Risco, Otero Pedraio e Florentino Cuevillas. Tamén asiste ás primeiras reunións para reorganizar o nacionalismo galego, no que é clave a figura de Méndez Ferrín.

Intensifica a súa creación como poeta, narrador e dramaturgo. E publica libros como *Documentos persoais* (1958) e *Mar Menor* (1963). Crea a colección de poesía Val de Lemos.

Comprometido coa fala, co pobo e con numerosas causas xustas, percorre o país cunha voz cada vez máis combativa. Desta época son *Versos para un país de minifundios*, *Versos para contar en feiras e romaxes*, *Remol* e *Cancións de lusco e fusco*.

Publicou varios libros de literatura infantil como *Os soños na gaiola*, nados dos recordos da súa infancia labrega. Escribiu obras de teatro como *Barriga Verde*, unha das primeiras obras de teatro infantil publicadas en Galicia; *A farsa de Bululú*, *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, tamén de carácter teatral; e as narrativas *Cando o mar foi polo río*, *Unha sombra vai polo camiño* e *Como desapareceu a Atlántida e apareceron os lagartos*.

Escrebiu *ensaios sobre Bouza Rey e Celso Emilio Ferreiro* entre outros. Tamén publicou diversos artigos e pezas de teatro en xornais e revistas galegas.

No teatro Capitol (Santiago de Compostela) presenta a Nova Canción Galega en 1968.

Moitos grupos e cantantes musicaron os seus poemas como Fuxan os Ventos ou Uxía.

En 1970, xunto coa súa dona, inaugura en Monforte a librería Xistral.

Comprometido con nacionalismo galego, e tamén coa lingua, apoiou sempre iniciativas na defensa do idioma galego.


Participa en actividades da Asociación socio-pedagóxica Galega (ASPG) e da Asociación de escritores en lingua galega, que o nomea socio de honra en 1997.

Recibe numerosos premios, homenaxes e recoñecementos como o da ASPG en 1995 na Coruña, cidade a onde se traslada a vivir en 1998, xunto coa súa dona.

Unha das últimas campañas coa que colaborou foi a do colectivo Burla Negra e a Plataforma Nunca Máis, con motivo do desastre do pretoleiro "Prestige".

Con 73 anos, o día 15 de febreiro de 2003, entra como académico numerario na Real Academia Galega.

Falece o día 8 de setembro de 2004 na Coruña e é trasladado a Outeiro de Rei.



UN REPASO POLOS NOSOS AUTORES HOMENAXEADOS

1963 Rosalía de Castro	1990 Luís Pimentel
1964 Daniel Rodríguez Castelao	1991 Álvaro Cunqueiro
1965 Eduardo Póndal	1992 Fermín Bouza Brey
1966 Francisco Añón	1993 Eduardo Blanco Amor
1967 Manuel Curros Enríquez	1994 Luís Seoane
1968 Florentino López Cuevillas	1995 Xesús Ferro Couselo
1969 Antonio Noriega Varela	1997 Ánxel Fole
1970 Marcial Valladares Núñez	1998 Trobadores da ría de Vigo
1971 Gonzalo López Abente	1999 Roberto Blanco Torres
1972 Valentín Lamas Carvajal	2000 Manuel Murguía
1973 Manuel Lago González	2001 Eladio Rodríguez González
1974 Xoan Vicente Viqueira	2002 Frei Martín Sarmiento
1975 Xoan Manuel Pintos	2003 Avilés de Taramancos
1976 Ramón Cabanillas	2004 Xaquín Lorenzo, Xocas
1977 Antón Villar Ponte	2005 Manuel Lorenzo Varela
1978 Antonio López Ferreiro	2006 Manuel Lugrís Freire
1979 Manuel Antonio	2007 María Mariño
1980 Afonso X o Sabio	2008 Xosé María Álvarez Blázquez
1981 Vicente Risco	2009 Ramón Piñeiro
1982 Luís Amado Carballo	2010 Uxío Novoneyra
1983 Manuel Leiras Pulpeiro	2011 Lois Pereiro
1984 Armando Cotarelo Valledor	2012 Valentín Paz Andrade
1985 Antón Losada Diéguez	2013 Roberto Vidal Bolaño
1986 Aquilino Iglesia Alvariño	2014 Xosé María Díaz Castro
1987 Francisca Herrera Garrido	2015 Xosé Filgueira Valverde.
1988 Ramón Otero Pedrayo	2016 Manuel M ^a Fernández Teixeira
1989 Celso Emilio Ferreiro	

Celebramos as letras galegas No colexio de Baíñas

O pasado 13 de maio de 2016, celebramos unha homenaxe ao escritor e poeta Manuel María.



Fixemos un mural na súa memoria, lembrando as súa vida e obra

E despois do recreo, xuntámonos todos no salón de actos do Centro para recitar algúns dos seus poemas. Uns cantados e outros acompañados por Saray de 5º e a súa guitarra!



Cada curso realizou a lectura en voz alta de poemas, coma: "O carro", "O meu año" "O garda de tráfico", "O arado", "O arco da vella"...; de obras tan coñecidas coma *Os soños na gaiola*, *As rúas do vento ceibe* ou *Terra Chá*.

Que grande MANUEL MARÍA!



Para rematar pechamos o acto interpretando "O Himno Galego". Este ano acompañáronos os alumnos Xoel e Iker de 4º curso, coas gaitas de fol e Marcos, o mestre de música, coa percusión. Foi todo un éxito!

OUTRAS ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN INFANTIL

Durante o curso dúas mamás animáronse a vir contarlle uns contos ós nenos e nenas de Educación Infantil, e todos xuntos disfrutamos moito escoitándoos

Lucía contounos " Unha mancha de bicos"... e repartimos bicos para todos e todas!!



Diana contounos "A bruxa regañadentes", daba un pouquiño de medo...



E outro conto no que os protagonistas eran os canciños da Patrulla Canina, uns debuxos que tanto lles gustan a todos...



Lucía disfrutou tanto cos nenos e nenas que quixo repetir experiencia e veu contarnos outro conto que se titulaba " El Papá", esta vez contoullo ós nenos e nenas de 6º de Educación Infantil.



Eles e elas tamén tiveron que amosar ós demais as súas habilidades...



A especialidade de Ainhoa é o debuxo!



A Lucas dáselle moi ben facer cosquillas... Todos brazos arriba!



Valeria amosounos o ben que salta á corda!



Saray amosounos as súas habilidades coa pandeireta.



Patri experta en dar pinchacarneiros!



Lara amosounos o ben que canta!!



A Ainara dáselle moi ben facer o "puente".



Xavi, experto tocando a batería

O día 20 de maio, os nenos e nenas de Ed. Infantil, 1º, 2º e 3º de Primaria fomos a Vimianzo disfrutar coa representación da obra de teatro "Rosa Caramelo".



DISPOSTOS PARA SAIR DO COLEXIO..



ESTIVEMOS MOI ATENTOS!!!



Os nenos e nenas de infantil convertímonos, por un día, en verdadeiros científicos e científicas e fixemos algún que outro experimento...

Quixemos ver se flotaban ou non diversos materiais, por exemplo: corchos, tesoiras, vasos de plástico, clips, pezas de madeira e tamén plastilina (en forma de bola ou de cunca).



Con motivo da chegada da PRIMAVERA os nenos e nenas de 6º de Educación Infantil quixemos saber algo mais dos xirasoles, para iso fixemos diversas actividades.

Entre todos fixemos dous xirasoles para ambientar a porta da nosa clase...



Así nos quedou...

SOMOS UNS ARTISTAS!!!



Fomos coller
terra para
poder plantar
as sementes...



Témolos na clase
para ir vendo como van
medrando...



O encargado ou encargada
do día é o que se encarga
regalos.



SAÍDAS CULTURAIS

Fomos a Casa de Cultura de Vimianzo, para aistir a Animación a trastenda dos contos: "Nicasio, un pintor de Brocha gorda"




Fixemos unha visita a Santiago de Compostela

Visitamos o MUPEGA (Museo Pedagógico Galego)



Tamén fomos ao Auditorio de Galicia a ver o Musical: "El libro de la Selva"



Portámonos moi ben e vimos "cousas" espectaculares.

Visitamos a "Casa do Patrón" en Lalín.

Vimos o museo etnográfico



Os teares



Estivemos moi atentos a todo o que nos explicaron

Fixemos pan e tamén queixo.



Quedounos de "rechupete"



Outras conmemoracións:

Día contra a violencia de xénero



Xuntando as nosas mans loitamos contra a violencia de xénero o 25 de novembro.

O 8 de marzo: Día da muller traballadora As mulleres na ciencia



Nesta data tan especial, quixemos lembrarnos do traballo e a labor que algunhas grandes mulleres tiveron nos avances tecnolóxicos e científicos: Marie Curie, Jane Goodall, Rosalind Franklin; e tamén da nosa terra coma Ánxeles Alvariño, Antonia Ferrín Moreiras ou a conquense Isabel Torres Salas. GRAZAS POLA VOSA LABOR Á HUMANIDADE!

24 de febreiro: Día de Rosalía de Castro



O pasado día 24 de febreiro homenaxeamos á nosa poetisa máis coñecida:

Rosalía de Castro.

Elaboramos un mural co gallo do seu nacemento en 1837. Lembramos a súa vida e obra, e finalmente, interpretamos a canción "Adios ríos, adiós fontes".



NOTA: QUEREMOS AGRADECER A COLABORACIÓN DE TÓDAS AS PERSOAS E ORGANISMOS PÚBLICOS QUE FIXERON POSIBLE A EDICIÓN DESTA REVISTA ESCOLAR DO CEIP DE BAÍÑAS CURSO 2015-2016.

Chegaron este curso 2015-16 ao cole...



**Eire, Sara Pena, Claudia, Ismael, Sara Arias, Antía, Román e Saúl.
Benvidos!**

Marchan para o instituto...



**Pablo, Andrea, Daniel, Borja, Nerea e Nuria
Boa sorte! e... Ata Sempre!**